



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña



II Raid Destino Verde-Concello de Arzúa

BRIEFING

Benvidos a unha nova edición do Raid Destino Verde. Desde o club queremos agradecer ao Concello de Arzúa e a todas as empresas privadas a súa colaboración co noso club para poder celebrar un ano máis o II Raid Destino Verde. E tamén a todos os participantes por estar aquí.

Antes de comezar ca explicación técnica recordade que a proba se desenrola nun medio natural que debemos coidar e deixalo como estaba ao noso paso, así que sexamos serios e respetuosos co medio.

As seccións de Btt discurren por varios núcleos rurais e ademáis utilizaredes moitas pistas de comunicación entre estes núcleos. Extremade a precaución ao circular por estas vías, que aínda que non teñen moito tráfico, son moi estreitas e no momento menos pensado pode aparecer un animal, coche ou maquinaria agrícola. Non fai falla decilo pero tedes que respetar o código de circulación.

A recepción dos equipos será na praza da feira en Arzúa. Habera lugares habilitados para estacionar e teremos un espacio destinado aos boxes. Inda que este ano será un espacio sen dividir, onde cada equipo deixará as bicis da forma máis ordeada posible para iniciar a btt1. Recomendamos non deixar nada de valor na praza xa que unha vez arrinquemos na btt1 non voltaremos a Arzúa.


Asistencia:

Todos os equipos elite que non teñan asistencia (e algún de aventura) terán que deixar un bulto identificado co número do equipo na secretaría antes das 9:30, que se lle transportará ata a T3 e T4. Tamén levaremos as palas dos equipos que o desexen tamén á T3. As palas deben ir atadas e identificadas co número do equipo. (As cousas que non estén identificadas non serán transportadas).

Tanto na T2,T3 e T4 os equipos sen asistencia terán agua.

Na T2 (final da btt1) os equipos sen asistencia non terán ningún bulto, así que cando empecen a Btt1 terán que cargar cas zapatillas de trekking mais a comida necesaria para as dúas seccións.

A organización transportara as bicicletas da T2 a T3. Todos os equipos sen asistencia deixarán as bicicletas ben colocadas na zona indicada pola organización na T2 , ademáis poderán atar fortemente unha bolsa





CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña



plástica a súa bicicleta onde poderán meter unicamente as zapatillas da btt máis o casco. Estas bolsas daranse na secretaría na recollida da documentación. As bolsas irán marcadas co número do equipo.

Ao Chegar á T3 os equipos encontraranse co seu bulto e coas súas bicicletas.

A Organización levará os bultos para meta onde cada equipo os poderá recoller. Todos os bultos teñen que quedar perfectamente cerrados e sen que sobresaia nada deles para ser transportados

Datos Técnicos:

O raid divídese en 5 secc, (O-pe, Btt1, Trekking, Kaiak e Btt2). O sistema de control de carreira será por taxeta clásica e ademáis levaredes un sportident por equipo para picar ao final de cada secc. Daránsevos 3 tarxetas. Unha para a secc1 que se entregará ao final desa secc, outra para a secc 2 e 3, que se entregará ao final da secc 3 e outra para a secc 4 e 5 a cal se entregará na meta. Todo o raid será lineal agás a secc de kaiak que será orden libre.

Tarxeta: sección 1

Tarxeta: sección 2 e 3

Tarxeta: sección 4 e 5

Todas as Balizas do raid teñen o mesmo valor, 1 punto.

1 Sección. O-Pé

Será un mapa urbano de orientación específica que estará colgado cerca da saída. Cada equipo terá que coller o mapa que contén o seu número, xa que existen 3 percorridos iguais pero de orden distinto. Todos os percorridos teñen unha baliza que se repite 3 veces. Nese punto haberá unha persoa da organización apuntando que todos os equipos ides as tres veces seguindo o voso recorrido lineal.

2 Sección. Btt1

Entregaránsevos dous mapas 1/25000. Coidado nesta secc co paso obrigatorio e as estradas prohibidas e moito coidado coa circulación. Os equipos sen asistencia, lembre levar as zapatillas de trekking, comida e ropa necesaria para a secc 3

3 Sección. Trekking

Entregaránsevos dous mapas, un 1/20000 e outro 1/15000.

Moi recomendable, moi recomendable as medias longas ou mallas longas.



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña



4 Sección . Kaiak + Proba de cordas.

Esta secc cerra-se as 18:00. É dicir, se algún equipo chega máis tarde das 18:00 non poderá face-la e terá que empezar a secc 5

Categoría Elite: Dous componentes saen a facer o kaiak e o terceiro fará unha pequena orientación en btt para atopar a baliza 34. Ademáis xusto nesta baliza está a proba de cordas que os equipos que a fagan terán unha bonificación de 30 min.

Este terceiro componente terá que levar unha tarxeta (entregada pola organización) para ticar a baliza 34, o material obrigatorio de cordas e as zapatillas de trekking para facer o rapel. Non se poderá facer cas zapatillas de Btt. Ademáis levará o segundo teléfono móbil do equipo.

A proba de rapel non será neutraliada. Será o corredor quen decida se a fai ou non. O tempo medio dende a T3 facendo o rapel e voltando a T3 e de 40 min.

Categoría Aventura: Dous componentes saen a facer o kaiak e o que descansa poderá ir facer o rapel. A diferenza cos elite e que non teñen que ticar a baliza 34, so terán a bonificación de 30 min se fan o rapel. Terá que levar todo o material descrito para a categoría elite.

Todos os corredores que fagan o rapel deben coñecer o material e a súa utilización, calquera persoa que, ao criterio dos técnicos do rapel non este capacitado para facelo, non poderá baixar. O rapel e nun sitio privilexiado de 30 m de altura.

Nesta secc so existirá neutraliacion no caso de que un equipo non teña kaiak para sair. Este tempo será ampliado á hora de peche de meta.

5 Sección. Btt2

Entregaránsevos tres mapas 1/20000. Coidado nesta secc co paso obrigatorio e as estradas prohibidas e moito coidado coa circulación. A parte final desta secc será moi rápida así que por favor, moito ollo ca circulación.

A meta cerrará as 20:00 e as 20:30 entrega de premios e pincho de confraternización. Ademáis ao rematar o Raid entregaránsevos un agasallo conmemorativo do raid.